

Emprego digno Non a precariedade

UNHA DATA DE LOITA

Hai 104 anos, o 1 de maio, 190.000 traballadores e traballadoras paraban nos Estados Unidos reivindicando a xornada de 8 horas, mentres outros 150.000 acadaban acordos coa patronal, na que esta cedía ante a ameaza de folga. Durante ese día a policía e grupos de matóns contratados pola patronal intentaron esmagar o paro... houbo 9 mortos en Milwaukee e moitos feridos noutras cidades. En Chicago os empresários responderon co peche patronal, polo que medraron as protestas e mobilizacións obreiras durante o 2 e 3 de maio, nas que participaron 40.000 persoas. O 4 de maio realiza-se unha concentración de protesta contra a represión e morte de obreiros, que é duramente reprimida pola policía. Alguén guinda unha bomba... morre un policía e hai algúns máis feridos. A represión será total nos días seguintes: detención de todo activista, moitas empresas recuan nos acordos de redución da xornada. Oito dirixentes sindicais anarquistas son xulgados e condenados sen probas á forza, menos un. Todos eles manteñen unha actitude digna até o final. Piden o indulto 60.000 persoas, pero non se admite. Por este motivo conmemoramos o 1º de maio o Día Internacional da Clase Traballadora, porque representa: a loita contra a explotación, a mobilización obreira, a solidariedade, a coherencia sindical.

PRECARIEDADE E PRIVATIZACIÓNS

Este 1º de maio a CIG quer facer unha mención especial á precariedade social, porque é un problema grave, que afecta á maioría da sociedade galega. Hai miles de persoas sen contrato laboral, outras que atopan traballos eventuais durante períodos moi curtos que non lles garanten un xornal e pensións dignas (unha vez xubilados), e mesmo son moitos os que non teñen nengun emprego do que botar man. Non pode estrañar, pois, que un 60% das familias teña problemas pra chegar a final de mes ou que vexan por diante un futuro incerto. As cifras, frias, pero claras, amosan esta situación: un 34% de eventualidade (produto do fracaso do pacto pola estabilidade no emprego, algo que deberán asumir os asinantes criticamente), un 17% de desemprego (3 puntos por riba da media do Estado). En fin, un 50% de precariedade! sobre o total de asalariados con ou sen emprego. E este aumento da precariedade, pobreza e marxinalidade dáse (inxustificadamente) nun contexto de medre da economía e de grandes ganancias dos empresários. Canto máis beneficios das empresas, piores condicións laborais; é a constante dos últimos anos. A economía non esta ao servizo da sociedade!

Preocupan-nos tamén as privatizacións de empresas estratéxicas dentro da economía galega, así como de áreas ou a xestión dos servizos públicos, xa que non só se perden mecanismos de control da economía, senón que se fai un negocio mesmo dos dereitos máis fundamentais, necesarios para manter a solidariedade e evitar situacións de marxinação social. A discriminación na construción de infraestruturas, o desvío de recursos europeos cara a outras partes do Estado, a marxinação da cultura e lingua do país, argumentando falsos universalismos, e actitudes autoritarias cada vez máis comúns, completan un cadro que amosa a falta dunha democracia plena, non só formal.

1 de Maio

Día Internacional da Clase Traballadora



Confederación Intersindical Galega

AS NOSAS PROPOSTAS

Neste marco a CIG coída fundamental, en materia laboral e no que respeita á precariedade:

- Potenciar os sectores produtivos; eliminar todas as limitacións á produción impostas pola UE. Rematar coas privatizacións de empresas e sector público, e a deterioración dos servizos básicos.
- Aumentar a cobertura das prestacións económicas por desemprego, tendo en conta o actual superávit do sistema.
- Unha renda mínima para todos os parados sen recursos suficientes, como existe en toda a Unión Europea, empezando por Portugal.
- Eliminar as horas extras e mais as ETTs.
- Reducir os contratos temporais a causas estruturais e cun maior custo nos seguros sociais.
- Reducir a xornada laboral ás 35 horas, sen perda de salario.

Pero tamén, mellorar as condicións laborais, evitando os centos de mortos e miles de persoas que hoxe padecen as negligencias en materia de seguridade e hixiene no traballo. Pular por unha negociación colectiva achegada aos traballadores e traballadoras e á nosa realidade social, portanto de ámbito galego ou inferior. Rematar coas discriminacións por razón de sexo. Atopar saídas definitivas a aquelas empresas en crise (pero que son viábeis) como Gesrubber e Santa Bárbara, e sectores como o pesqueiro (frota canário-sahariana); ou rematar con situacións de discriminación por razóns de afiliación, como en Álvarez.

Esta é asemade unha data de fondo contido internacionalista, na que non podemos menos que exixir que termine o bloqueo contra Cuba, e todas as situacións de colonialismo e dependéncia nacional, entre as que está inserida a loita pola liberación nacional e social de Galiza. E, moi especialmente neste ano, conseguir que a ONU obrigue a Marrocos a **cumprir os acordos do referendo para o Sahara Occidental**, onde se mantén unha situación de ocupación militar e colonización que a comunidade internacional non debe admitir; non poden os intereses económicos (de Franza e o Estado español, fundamentalmente) estar por riba dos dereitos dos povos.

COMPAÑEIROS E COMPAÑEIRAS

VIVA O 1º DE MAIO !!!
VIVA A CLASE TRABALLADORA !!!

VIGO: CRUCE URZAIZ-DOBLADA ÁS 12,00H.
FERROL: EDUARDO PONDAL (LOCAL CIG) ÁS 12,00H.
OURENSE: PAVILLÓN DE DEPORTES ÁS 12,00H
SANTIAGO: PRAZA DE CERVANTES, ÁS 12,30H
LUGO: AISS (RONDA DA MURALLA, 58) ÁS 12,30H

A CORUÑA: PRAZA DE VIGO ÁS 12,00H
PONTEVEDRA: PRAZA DA FERRERIA ÁS 12,00
VIVEIRO: PRAZA DA MARIÑA ÁS 12,00



Confederación Intersindical Galega